



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2017/18 |
| Asignatura (*) | Programa para analisis de datos cuantitativos con exemplos de turismo | Código | 615524011 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuadrimestre | Primeiro | Optativa | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Economía | | | |
| Coordinación | Sanchez Sello, Maria del Carmen | Correo electrónico | c.sanchez@udc.es | |
| Profesorado | Garcia-Carro Peña, Beatriz Sanchez Sello, Maria del Carmen | Correo electrónico | beatriz.garcia-carro@udc.es c.sanchez@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>Esta é unha materia de tipo cuantitativo e que ten un carácter instrumental no contexto do Máster. Os coñecementos adquiridos nesta materia serán de aplicación en calquera proxecto ou traballo doutras materias que requira do uso de técnicas estatísticas e econométricas.</p> <p>A materia ten fundamentalmente dous obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Que o alumnado adquira e desenvolva as habilidades relacionadas co manexo de instrumentos (técnicas e metodoloxías) de recollida e análise de datos e de clasificación, predición e control da actividade turística que lle permitan abordar a investigación de problemas empíricos e comunicar as conclusións de forma clara e concisa. - Que os estudantes desenvolvan capacidades analíticas, interpretativas e propositivas que lles permitan elaborar diagnósticos e propostas para a planificación e/ou a investigación. | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|------------------------|
| Código | Competencias do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-----|------------------------|---------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias do título | |
| Utilizar correctamente e con precisión a terminoloxía e a linguaxe estatística-econométrico | | BM4 BM6 | CM2 CM6 CM7 CM8 CM9 |
| Buscar e obter información adecuada para a análise da actividade turística | AM1 | BM7 | CM2 CM4 CM7 |



| | | | |
|--|---|---|--|
| Interpretar a información cuantitativa mediante técnicas univariantes e multivariantes | AP3 AP6 AP7 AI2 AM1 AM2 AM3 | BM1 BM2 BM3 BM4 BM5 BM6 BM9 BM10 BM11 BM12 | CM1 CM2 CM3 CM4 CM6 CM7 CM8 CM9 |
| Analizar, desde un punto de vista crítico, os resultados da aplicación das técnicas | AP3 AP6 AI2 AM1 AM2 AM3 | BM1 BM2 BM3 BM4 BM5 BM6 BM7 BM10 BM12 | CM1 CM2 CM3 CM4 CM6 CM7 CM8 CM9 |

| Contidos | |
|----------|---|
| Temas | Subtemas |
| Bloque1 | 1. Fontes de información cuantitativa para a análise da actividade turística. 2. A análise cuantitativa aplicado con Excel. |
| Bloque 2 | 1. Análise descritiva da información turística. Aplicacións con SPSS. 2. Análise multivariante da información: Análise da dependencia. Aplicacións con SPSS. |

| Planificación | | | | |
|---------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | B7 B11 B12 C6 | 6 | 6 | 12 |
| Sesión maxistral | A3 A6 A7 A9 B1 B2 B3 B5 B4 B6 B9 C1 C2 C3 C7 C8 C9 | 17 | 34 | 51 |
| Prácticas a través de TIC | A11 A3 A12 A6 A7 A10 A9 B1 B2 B3 B5 B4 B6 B7 B10 B9 B11 B12 C1 C2 C3 C4 C7 C6 C8 C9 | 25 | 50 | 75 |
| Atención personalizada | | 12 | 0 | 12 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Actividades iniciais | Estas actividades están fundamentalmente pensadas para aqueles alumnos que non cursasen previamente a materia de métodos e técnicas de investigación en turismo: técnicas cuantitativas. Presentación da materia, revisión das principais fontes de datos económicos e o repaso dalgúns coñecementos estatísticos básicos. |



| | |
|---------------------------|---|
| Sesión maxistral | Exposición oral dos conceptos e métodos por parte das profesoras. Dita exposición complementábase coa utilización de medios audiovisuais, e inclúe exemplos prácticos e exercicios. |
| Prácticas a través de TIC | Configúranse como parte fundamental da materia. Son necesarias para aprender o manexo do software (Excel e SPSS) adecuado para efectuar aplicacións empíricas e para valorar os resultados que proporcionan, tarefas que o alumno debe realizar baixo tutela. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Sesión maxistral Prácticas a través de TIC | <p>Posto que o grupo é reducido, poden dedicarse os minutos finais á consulta dos problemas que poidan expórsele a cada alumno.</p> <p>Debido á heteroxeneidade dos estudantes no dominio das ferramentas informáticas, os problemas que xorden durante o seu desenvolvemento son múltiples e variados e hai que resolvelos de forma individualizada. A medida que vai realizando o seu traballo, cada alumno debe consultar coas profesoras para obter as orientacións necesarias para o seu correcto desenvolvemento.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|---------------------------|---|--|---------------|
| Prácticas a través de TIC | A11 A3 A12 A6 A7 A10 A9 B1 B2 B3 B5 B4 B6 B7 B10 B9 B11 B12 C1 C2 C3 C4 C7 C6 C8 C9 | Nestas clases os alumnos iniciarán a resolución dos problemas e traballos propostos polas profesoras, que logo deberán completar e entregar. | 100 |

Observacións avaliación

| |
|---|
| <p>CRITERIOS XERAIS: A cualificación de non presentado corresponde unicamente aos alumnos que só participen en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20 por cento da puntuación total, con independencia da cualificación obtida. A materia divídese en dous partes, correspondentes a cada un dos bloques de contidos; a puntuación da primeira parte é de 4 puntos e a da segunda de 6 puntos. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación global de 5 puntos ou máis, cun mínimo de 2 puntos na primeira parte e de 3 puntos na segunda. Na parte I, a avaliación consiste na resolución de exercicios de aplicación das técnicas con datos reais, e na parte II na realización dun traballo con datos reais. A través da plataforma Moodle, estará dispoñible unha Guía complementaria da Parte I, na que se especificarán as actividades a realizar, as normas para realizalas, os criterios para a súa avaliación e os prazos de entrega. Os alumnos presenciais realizarán as actividades en grupos de non máis de tres persoas; os alumnos on-line realizarán o traballo de forma individual.</p> |
|---|

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - PÉREZ, C. (2009). Técnicas Estadísticas Multivariantes con SPSS. Madrid: Garceta - PEREZ, C. (2005). Técnicas Estadísticas con SPSS. Madrid: Pearson Educación - PEREZ, C. (2013). IBM SPSS Estadística Aplicada. Conceptos y ejercicios resueltos. Madrid: Garceta - PEREZ, C. (2011). Excel 2010. Curso práctico. Ra-Ma Editorial - CAMARERO, L. Y OTROS (2013). Estadística para la investigación social. Madrid: Garceta <p>Utilizaranse, ademais, distintas fontes de datos e material dispoñible na rede, que se detallarán durante o curso.</p> |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

O proceso de investigación en turismo: tipos, estrutura e fases/615524007
Técnicas cuantitativas aplicadas ao turismo/615524010



| |
|--|
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías